



A Xunta de Persoal na súa reunión do 26/04/2017 acordou:

1. Proposta de OEP para o PAS da UDC para o ano 2017.

Por maioría que as prazas que debe recoller a OEP do 2017 sexan os postos baixos das escalas. Cando se saiba o número de prazas que se poden sacar en función da taxa de reposición se definiran as prazas e número.

UGT indica que tamén deben saír na OEP prazas do grupo A1 e A2.

Por unanimidade, solicitar á Xerencia que se corrixa o número de prazas vacantes no 2016 que foi remitida xa que non coinciden coas realmente vacantes.

2. Proposta de convocatoria de promoción interna para o persoal do SIC e persoal funcionarizado no ano 2015, para realizar no ano 2016.

Acórdase por unanimidade que:

- ✓ As prazas das promoción deben estar perfectamente identificadas.
- ✓ Que as prazas mal identificadas na subescala se identifiquen correctamente de acordo coa identificación establecida no acordo de funcionarización.
- ✓ Solicitar información á Xerencia sobre a promoción da subescala Arquitecto Técnico.

3. Dúbida relativa ao prazo para solicitar unha comisión de servizos.

Acórdase por unanimidade:

- ✓ Rexeitar a proposta da Xerencia da reunión do 23/04/2017, que consiste en: que o persoal que se atope nunha comisión de servizos non poderá renunciar a ésta para optar a outra dentro do prazo dos tres días establecidos para solicitar a nova.
- ✓ Requirir a Xerencia unha negociación para regulamentar o tema das Comisións de Servizos.

4. Quenda aberta de intervencións

Concurso.

Estase a estudar a posibilidade de presentar recurso contra a resolución reitoral do 3 de abril de 2017, pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos (DOG núm. 73 do 17/04/2017) por non aparecer todas as vacantes.

Ante a solicitude da Xerencia de nomeamento dos tribunais acórdase, que aínda que a Xunta de Persoal non esta de acordo co concurso, nomeará aos integrantes do tribunal.